Galicia Encantada

ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Festas e mitoloxía relixiosa

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Bautizo prenatal en Bornalle

Miña bisavoa, que viviu no lugar de Bornalle, parroquia de Abelleira, concello de Muros (A Coruña) tivera dous abortos. Ao terceiro embarazo decidiu realizar un rito para evitar o mal fado.

O rito consistía en porse a esperar nun cruce de camiños (fíxoo no do Alto do Caño) á primeira persoa que pasase, quen debía facer no momento un remedo de bautizo coa criatura aínda non nacida e comprometerse a ser o seu padriño/madriña.

Fíxose así e pouco despois naceu meu avó, Antonio Lado, que aínda vive e foi quen me contou esta historia.

[Texto de Xosé Antonio Formoso Lado, de Mariñaos, Oroso (A Coruña)]